

A BIBLIOTECA



A biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal abre as súas portas no ano 2008 coa vocación de ser un espazo de comunicación e participación aberto e plural, atender as vosas demandas de información, cultura e coñecemento, e ofrecervos recursos culturais, informativos e tecnolóxicos de calidade.



Queremos que a biblioteca sexa un espazo de encontro, onde poder formarse, aprender, compartir experiencias, relacionarse ... un espazo accesible a toda a comunidade en igualdade de condicións, integrador, gratuito e libre, onde poidades potenciar a vosa creatividade.

Na biblioteca preocupámonos por formar unha boa colección de libros, revistas, audiovisuais, libros electrónicos ... e potenciar a lectura. Podedes axudarnos a acadar este obxectivo coas vosas suxestións de compras.

Programamos actividades para todos os públicos, e cedemos espazos para que vós poidades realizar as vosas, porque a biblioteca tamén é lugar para o ocio. Tamén podedes colaborar con nós a través dos programas de voluntariado da Xunta e doutras formas. Valoramos moito a vosa participación, porque a biblioteca facémola entre todos e todas.

A biblioteca preséntase tamén como un espazo de aprendizaxe, aberto ao futuro e á innovación. Ofrecémosvos recursos para a autoaprendizaxe ademais de actividades formativas.

A biblioteca baséase en valores democráticos, é un ben común, un servizo para toda a sociedade. Aproveitade o que vos ofrece!



DOCUMENTOS E LIGAZÓNS

[A Biblioteca Pública de Santiago: 1955-2014](#)

[Biblioteca Ánxe Casal na wikipedia](#)

[Mostra bibliográfica "120 Aniversario do nacemento de Ánxe Casal. Día da edición 2015"](#)

[Ánxe Casal: 1895-1936](#)

[Visita virtual á biblioteca](#)